



ACTA DA 2ª REUNIÓN DA COMISIÓN DE SEGUIMENTO E INTERPRETACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A SECRETARÍA XERAL PARA O DEPORTE E A FEDERACIÓN DEPORTIVA GALEGA DE ATLETISMO PARA A REALIZACIÓN DO PROGRAMA DE PROMOCIÓN E DESENVOLVEMENTO DA SÚA MODALIDADE DEPORTIVA E PREPARACIÓN DO PROGRAMA RÍO 2016 (XOGOS OLÍMPICOS)

LUGAR: Sala de Xuntas da S.X. para o Deporte

DATA: 17 de decembro de 2015

HORA DE COMEZO: 12:00 h.

HORA DE REMATE: 13:00 h.

ASISTENTES:

Laura Mosquera Escudero, subdirectora xeral de Plans e Programas e Jorge Veiga Codesido, técnico deportivo, en representación da Secretaría Xeral para o Deporte.

Isidoro Hornillos Baz, presidente e Victor Arufe Giraldez, secretario, en representación da Federación Galega de Atletismo.

ORDE DO DÍA:

1. Segunda addenda ao convenio trianual asinado coa Federación Galega de Atletismo no ano 2014 pola que se procede á reestructuración do cadro de financiamento que figura no convenio como anexo I e á modificación de varias cláusulas do texto do convenio.
2. Rogos e preguntas

DELIBERACIÓNS:

A subdirectora xeral de Plans e Programas informa de que de que na primeira addenda ao convenio asinado inicialmente destinábase un importe de 5.000 euros ao programa Grupo Especial de Alto Rendemento-Programa Río 2016. Neste programa incorpóranse dúas novas atletas, Lidia Parada Santos e Ruth Marie Ndoumbe quedando fóra da clasificación Lorena Luaces Barril, polo que a nova cantidade destinada a este programa é de 6.000 euros, 1000 euros para cada un dos deportistas integrantes do mesmo. Por outra banda, no programa de "Outros proxectos de Especial relevancia" estaban destinados 3.000 euros ao "Campionato de España carreiras de montaña" e no seu lugar destinaranse



2.000 euros ao "XXX Gran Premio Internacional Cantones Marcha Atlética". Polo que é necesario realizar unha nova distribución no cadro de financiamento, sen que altere a contía total do importe do convenio destinado ao ano 2016. Asimesmo, módifícanse de novo algunhas cláusulas de convenio inicialmente asinado co fin de adaptalo á lexislación vixente e optimizar a súa xustificación.

ROGOS E PREGUNTAS:

Non hai rogos e preguntas.

ACORDOS:

Primeira.- Acórdase reestruturar o cadro de financiamento que figura no convenio como anexo I co seguinte detalle:

PROGRAMAS	2016
Gastos Xerais de Funcionamento	42.095,00€
Actividade Deportiva e Competitiva Ordinaria	79.568,00€
Programa de Tecnificación e Rendemento	41.440,00€
Grupo Especial de Alto Rendemento – Programa Río 2016 Ana Peleteiro Brión Lidia Parada Santos Solange Pereira da Ponte Frank Casañas Jean Marie Okutu Ruth Marie Ndoumbe	6.000 €
Actividade deportiva en Idade Escolar	2.559,00€
Outros proxectos de especial relevancia: XXX Gran Premio Internacional Cantones Marcha Atlética	2.000 €
TOTAL:	173.662,00€



Segunda.- Incorpóranse na cláusula número catro do convenio as seguintes obrigas da Federación:

4.6. Velar polo cumprimento das normas fixadas polas autoridades en materia de prevención e loita contra a dopaxe no deporte.

4.7. Velar polo cumprimento das normas fixadas polas autoridades en materia de prevención e loita contra a violencia no deporte.

Tercera.- Incorpóranse na cláusula quinta do convenio, pagamento, o seguinte apartado:

5.2. Non se realizará ningún pagamento senón se cumpre o establecido na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

Cuarta.- Na cláusula sétima do convenio, gastos subvencionables, modifícanse os seguintes apartados:

Apartado a):

No programa "Gastos xerais de funcionamento":

a. As remuneracións de traballadores federativos, e as súas correspondentes cotizacións obrigatorias á Seguridade Social e á Facenda Pública (I.R.P.F.), incluíndose nestes o persoal administrativo, de limpeza, mantemento, conserxería ou similar.

Estas remuneracións deberán ser de igual contía para homes que para mulleres nos mesmos niveis laborais.

Co obxectivo de garantir o dereito á igualdade salarial e á non discriminación retributiva entre homes e mulleres, no caso de que a Federación teña en equivalentes niveis laborais traballadores mulleres e traballadores homes, só poderán ser obxecto de subvención as remuneracións respecto das que se garante, a través da oportuna certificación emitida polo secretario co visto bo do presidente, a igualdade salarial entre homes e mulleres.

b. Gastos de servizos profesionais independentes, entre outros: servizos de limpeza/mantemento externos ou similar, asesoría xurídica, xestión laboral, auditoría, protección de datos, sistema contable ou similar.

c. Gastos de aloxamento, manutención e gastos de viaxe do persoal directivo pola asistencia a asembleas, reunións, competicións, comités técnicos ou similares, sendo de aplicación por analogía o establecido no Decreto 144/2001, de 7 de xuño, sobre indemnizacións por razón do servizo ao persoal con destino na Administración autonómica de Galicia para o grupo II, é dicir:



Manutención completa: 37,40 €

Media manutención: 18,70 €

Aloxamento: 65,97 €

Kilometraxe en vehículo particular: 0,19 € /km

Para xustificar os gastos de aloxamento, peaxes e aparcadoiro é preciso presentar as factura xustificativas do gasto cos seus correspondentes xustificantes de pagamento.

Cando se presenten facturas que excedan estas cantidades, so será xustificable o importe establecido no Decreto citado anteriormente.

Non poderán incluírse neste apartado os desprazamentos ordinarios á sede federativa.

d. Gastos da sede federativa: alugueres (se procede), pago de impostos, gastos de comunidade, consumos de explotación (auga, enerxía), material de oficina.

e. Reparacións e conservación: -reparacións na sede, mantemento de equipos (servizos informáticos, fotocopiadora, Fax).

f. Os gastos derivados da utilización dos vehículos e outros medios de transporte federativos (seguros, mantemento, reparacións, combustible, peaxes, aparcadoiros etc) que se imputen exclusivamente ao programa de gastos xerais. A estes efectos, a federación deberá aportar na primeira xustificación unha certificación asinada polo seu presidente e secretario onde relacione todos os medios de transporte federativos, detallando a utilidade de cada un deles e a que programa de este convenio se imputará os seus gastos.

A xustificación farase coas correspondentes facturas ou facturas simplificadas. No caso dos gastos de combustible, na factura deberá figurar a matrícula do medio de transporte federativo. Se para os pagamentos se utilizan tarxetas de combustible estas deberán ir vinculadas a un vehículo federativo, non a persoas concretas.

g. Comunicacóns: páxina web, teléfono, internet, Fax, mensaxería

h. Gastos bancarios: Gastos póliza créditos ponte.

Apartado b):



No programa "Actividade deportiva e competitiva ordinaria": Son aqueles relacionados directamente e de xeito indubidable coa actividade deportiva da federación, entre outros:

- a. Material deportivo para competicións (non inventariable).
- b. Gastos derivados das instalacións específicas para o uso da súa actividade deportiva (aluguer de pavillóns, aluguer de piscinas, aluguer de pistas deportivas, refuxios de montaña...etc).
- c. Pagos a entidades deportivas derivados da delegación da organización dunha determinada actividade deportiva, sempre e cando se cumpra o establecido no punto tres (3) da cláusula sétima (7ª) deste convenio.
- d. Equipacións seleccións (roupa, equipaxes).
- e. Gastos de canons federativos e inscrición a competicións.
- f. Gastos en licenzas extraordinarias.
- g. Gastos en desprazamentos:
 - Recollen os gastos relativos ao transporte, manutención e aloxamento de deportistas, técnicos, xuíces e árbitros pola súa participación ou asistencia a eventos deportivos. A xustificación farase coas correspondentes facturas, facturas simplificadas e billetes de transporte e incluírá en todo caso o motivo e o lugar ao que se viaxa, o intervalo de datas no que se produciu a viaxe e a relación dos viaxeiros e a súa función. No caso de ser xestionado por unha axencia de viaxes deberá presentarse ademáis a factura detallada dos servizos prestados e documento acreditativo do pagamento da mesma.
- h. Gastos de organización ou colaboración en competicións: arbitrxes, ambulancias, publicidade, carteleira, trofeos, medallas, etc.
- i. Os gastos derivados da utilización dos vehiculos e outros medios de transporte federativos (seguros, mantemento, reparacións, combustible, peaxes, aparcadoiros etc) que se imputen exclusivamente ao programa de actividade ordinaria. A estes efectos, a federación deberá aportar coa primeira xustificación unha certificación asinada polo seu presidente e secretario onde relacione todos os medios de transporte federativos, detallando a utilidade de cada un deles e a que programa de este convenio se imputarán os seus gasto.

A xustificación farase coas correspondentes facturas ou facturas simplificadas. No caso dos gastos de combustible, na factura deberá figurar a matrícula do medio de transporte federativo. Se para os pagamentos se utilizan tarxetas de combustible estas deberán ir vinculadas a un vehículo federativo, non a persoas concretas.



- j. Gastos derivados da contratación de seguros exclusivos para unha actividade deportiva sempre que non sexan abonados en ningún caso polos participantes.
- k. Gastos derivados da prestación de servizos de persoal técnico ou docente no desenvolvemento de cursos formativos relacionados coa actividade deportiva ordinaria.

Apartado c):

No programa de "Tecnificación e Rendemento", os gastos xustificadas corresponden ao grupo de deportistas vinculados a este programa, e poderán incluírse os seguintes :

- a. As remuneracións do persoal técnico, e as súas correspondentes cotizacións obrigatorias á Seguridade Social e á Facenda Pública (I.R.P.F.), incluíndose nestes o director técnico, adestradores e outros profesionais de apoio que axuden á mellora do rendemento deportivo (fisioterapeuta, psicólogo, masaxista, nutricionista, etc.). Estas remuneracións deberán ser de igual contía para homes que para mulleres nos mesmos niveis laborais.

Co obxectivo de garantir o dereito á igualdade salarial e á non discriminación retributiva entre homes e mulleres, no caso de que a Federación teña en equivalentes niveis laborais traballadores mulleres e traballadores homes, só poderán ser obxecto de subvención as remuneracións respecto das que se garante, a través da oportuna certificación emitida polo secretario co visto bo do presidente, a igualdade salarial entre homes e mulleres.

- b. Gastos de aloxamento e manutención dos deportistas incluídos no programa: aluguer, mantemento, consumos auga, electricidade, gas, e alimentación. Na memoria xustificativa de gastos deberán relacionar que deportistas da federación están vinculados a este programa.
- c. Gastos en desprazamentos:

Recollen os gastos relativos ao transporte, manutención e aloxamento dos deportistas e adestradores incluídos no programa de Tecnificación derivados da asistencia a concentracións, adestramentos e competicións. A xustificación farase coas correspondentes facturas, facturas simplificadas e billetes de transporte e incluírá en todo caso o motivo e o lugar ao que se viaxa, o intervalo de datas no que se produciu a viaxe e a relación dos viaxeiros e a súa función. No caso de ser xestionado por unha axencia de viaxes deberá presentarse ademais a factura detallada dos servizos prestados e documento acreditativo do pagamento da mesma.



- d. Material deportivo (non inventariable) e roupa deportiva do grupo de deportistas incluídos no programa.
- e. Os gastos derivados da utilización dos vehículos e outros medios de transporte federativos (seguros, mantemento, reparacións, combustible, peaxes, aparcadoiros etc) que se imputen exclusivamente ao programa de Tecnificación e rendemento. A estes efectos, a federación deberá aportar coa primeira xustificación unha certificación asinada polo seu presidente e secretario onde relacione todos os medios de transporte federativos, detallando a utilidade de cada un deles e a que programa de este convenio se imputará o seu gasto.
- f. A xustificación farase coas correspondentes facturas ou facturas simplificadas. No caso dos gastos de combustible, na factura deberá figurar a matrícula do medio de transporte federativo. Se para os pagamentos se utilizan tarxetas de combustible estas deberán ir vinculadas a un vehículo federativo, non a persoas concretas.
- g. Gastos derivados da prestación de servizos de persoal técnico ou docente no desenvolvemento de cursos formativos relacionados coa actividade de tecnificación e rendemento.

Todas as facturas imputables a este programa deben reflectir expresamente que están destinadas ao programa de "Tecnificación e Rendemento".

Apartado d):

No programa "Grupo especial de alto rendemento – Programa Rio 2016", engadese un novo apartado ao establecido na primeira addenda:

- d. Axudas directas a deportistas que figuren nominativamente no programa de Río 2016, sempre que se xustifique o pagamento mediante unha transferencia bancaria a súa conta por parte da Federación.

Apartado e):

No programa "Actividade deportiva en Idade Escolar": Gastos derivados da organización da actividade deportiva federada do Programa XOGADE. Entre estes gastos atópanse:

- a. Gastos en desprazamentos:

Recollen os gastos relativos ao transporte, manutención e aloxamento de técnicos, delegados e árbitros pola súa participación ou asistencia a eventos deportivos do programa "Actividade deportiva en Idade Escolar". A xustificación farase coas correspondentes facturas, facturas simplificadas e billetes de transporte e incluírá en todo caso o motivo e o lugar ao que se viaxa, o intervalo de datas no que se produciu a viaxe e a relación dos viaxeiros e a súa función. No caso de ser xestionado por unha axencia de



viaxes deberá presentarse ademáis a factura detallada dos servizos prestados e documento acreditativo do pagamento da mesma.

b. Gastos de organización ou colaboración en competicións: arbitrxes, ambulancias, publicidade, carteleira, trofeos, medallas, etc.

Todas as facturas imputables a este programa deben reflectir expresamente que están destinadas ao programa de "Actividade Deportiva en Idade Escolar".

Apartado f).:

No programa "Outros proxectos de especial relevancia": gastos derivados da organización e execución do proxecto. Os importes asignados aos proxectos deste programa terán carácter finalista.

No caso dos proxectos de especial relevancia destinados a deportistas con características e necesidades especiais enfocados á promoción de talentos en modalidades olímpicas e non olímpicas poderán xustificarse dentro deste apartado:

a. Gastos de aloxamento, desprazamento e manutención dos deportistas incluídos no proxecto por asistencia a concentracións, adestramentos e competicións.

b. Material deportivo e roupa deportiva do grupo de deportistas incluídos no proxecto.

c. Inscripcións dos deportistas incluídos nos proxectos en competicións deportivas.

Todas as facturas imputables a este programa deben reflectir o proxecto concreto ao que están destinadas.

Quinta.- Módifícase a cláusula décimoprimeira, supostos de reintegro, quedando redactada como segue:

No caso de que o beneficiario da subvención incumprise o disposto neste convenio, a Secretaría Xeral para o Deporte revogará total ou parcialmente a subvención concedida, logo da audiencia do interesado.

Procederá o reintegro total ou parcial ao beneficiario das cantidades percibidas e as esixencia dos xuros de mora correspondentes, en aplicación do disposto nos artigos 33 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia. As sancións en caso de incumprimento das obrigas fixadas ao beneficiario son as previstas nos artigos 59, 60 e 61 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.



Sexta.- Módificase o anexo VI incorporado na primeira addenda establecendo o modelo que figura a continuación:

**ANEXO VI
CERTIFICACIÓN**

Don/Dona _____
Secretario da Federación Galega de _____

CERTIFICA:

Que na páxina web da Federación Galega de _____ existe un apartado denominado "Transparencia" onde consta, polo menos, a seguinte información:

1. Información institucional, organizativa e de planificación
 - a. Funcións: As federacións deportivas galegas son entidades privadas sen ánimo de lucro que, xunto as funcións que lle son propias polo seu ámbito de actuación privada, exercen por delegación funcións públicas delegadas (art. 51.4 da Lei 3/2012, de 2 de abril, do deporte de Galicia). As funcións ás que se deberá dar publicidade son as que se especifican no art. 56 da Lei do Deporte de Galicia, e recollidas tamén nos respectivos Estatutos federativos.
 - b. Normativa aplicable:
 - Lei 3/2012, de 2 de abril, do deporte de Galicia, ou norma que a substitúa.
 - Decreto 85/2014, do 3 de xullo, polo que se aproba o Regulamento do Rexistro de Entidades Deportivas de Galicia, ou norma que a substitúa.
 - Orde do 8 de setembro de 2010 pola que se establecen os criterios para a elaboración de regulamentos e a realización dos procesos electorais nas federacións deportivas galegas, ou norma que a substitúa.
 - Resolución do 8 de setembro de 2009, da secretaria xeral para o Deporte, pola que se ditan as Normas de bo goberno das federacións deportivas de Galicia, ou ou norma que a substitúa.
 - Resto de normativa aplicable ás federacións deportivas que se aprobe, así como a propia de cada entidade (Estatutos, Regulamentos, etc.)
 - c. Estrutura organizativa: Organigrama actualizado que identifique aos responsables dos distintos órganos federativos, así como o perfil e traxectoria profesional (currículo profesional) dos integrantes dos mesmos.
2. Información económica, orzamentaria e estatística
 - a. Relación de contratos subscritos cunha Administración pública con indicación de: obxecto e duración; importe de licitación e adjudicación; procedemento de celebración; no seu caso, instrumentos a través dos cales se publicitou; número de licitadores no procedemento; identidade do adjudicatario; no seu caso, modificacións do contrato, decisións de desistimento e renuncia dos contratos; e, finalmente, porcentaxe total do contrato sobre o orzamento total da federación.
Se os contratos tiveran unha duración inferior a un ano e os seus importes foran inferiores a 50.000 euros, cando se trate de contratos de obras, ou a 18.000 euros cando se trate doutros contratos, a información poderá cumprimentarse trimestralmente.
 - b. Relación de convenios subscritos cunha Administración Pública, indicándose: partes asinantes, obxecto e duración, modificacións realizadas, partes obrigadas á realización das prestacións e, no seu caso, obrigas económicas convidas.
Neste apartado informarase tamén das subcontratacións que se realicen con mención dos adjudicatarios, procedemento seguido para a adjudicación e importe da mesma.
 - c. Subvencións e axudas concedidas pola entidade ou recibidas dunha Administración pública, con indicación do seu importe, obxectivo ou finalidade, e beneficiarios.
 - d. Orzamentos federativos, con descrición das principais partidas e información actualizada e comprensible sobre o seu estado de execución.
 - e. Contas anuais aprobadas pola Asemblea, informes de auditoría de contas, e informes de fiscalización complementarios que existan.
 - f. Retribucións anuais (soldos e dietas) dos máximos responsables federativos: Presidente/a, Secretario/a, Xerente, Tesoreiro/a, Director/a Técnico/a e demais membros dos órganos da Federación que perciban retribucións. Igualmente, faranse públicas as indemnizacións percibidas, no seu caso, con ocasión do abandono do cargo.

E para que conste, expido o presente certificado,

En _____ a _____ de _____ de 2016

O Secretario Visto bo do Presidente



Sen máis asuntos que tratar, remata a sesión.

A subdirectora xeral de Plans e
Programas



Laura Mosquera Escudero

O técnico deportivo



Jorge Veiga Codesido

O Presidente da Federación Galega
de Atletismo



Isidoro Hornillos Baz

O secretario da Federación Galega de
Atletismo



Victor Arufe Giraldez